A temporada pendente dun fío en 10 minutos. Vitoria por 4 a 2 do conxunto xuvenil da ADR Numancia de Ares fronte o Perlío. O encontro, disputado no serán do sábado en Prados Vellos e correspondente á 18ª xornada do grupo 4º da primeira autonómica, chegou ó descanso con vantaxe local de un tanto a cero.

Prados Vellos, Ares a 11 de abril de 2015.

Aliñacións
:

ADR Numancia de Ares
: Roberto, José Manuel (Emi), Darío (Martín), Alberto, Nico (Juan), Fran (Óscar), Marcelo, Carlos, Ángel, Adrián (C) e Miguelito (Iván)

Adestrador: Alejandro González Domínguez *Delegado: José Antonio Couce Iglesias* **CCR D Perlío**
: Pico, Alex (Cabana), Manu, Gabeiras, Dani Lago, Eli (C) (Brais), Migui, Aarón, Caneiro, Deive (Paolo) e Diego.

Adestrador: Miguel Ángel Carballeira García

Delegado: José Manuel Antón Rey

Árbitro
: D. Eduardo Pereira Dobarro, amosou cartón amarelo a Miguelito polo bando local e a Manu por parte visitante.

Goles
: Carlos, Iván, Ángel e Dani Lago en propia porta para o Numancia de Ares. Cabana e Gabeiras para o Perlío.

[1-0] (21’)
Carlos
: Disparo de Ángel que rexeita o meta visitante Pico. O balón chega a pes de Carlos que entraba dende a dereita i eleva por riva do meta visitante para anotar o primeiro tanto.

[2-0] (63’)
Iván
: Falta preto da media lúa que executa moi ben Iván anotando preto do pau do meta visitante.

[3-0] (79’)
Ángel
: Asistencia de Martín dende campo propio para a carreira de Ángel quen gaña ó seu marcador e anota sobre a saída do porteiro.

[3-1] (82’)
Cabana
: Balón morto no borde da área local que cae a pes de Cabana quen de forte disparo acurta distancias no marcador.

[3-2] (85’)
Gabeiras
: Saque de esquina dende a esquerda do ataque visitante. O balón posto ben no segundo pau e rematado por Gabeiras a pracer.

[4-2] (89’)
Dani Lago (p.p.)
: Entrada por banda dereita de Carlos ata a liña de fondo. O pase cara atrás introdúceo en propia porta Dani Lago ó tentar despexar.

Partido moi importante para os locais que tentaban seguir na pelexa polo título de liga. O primeiro tempo comezou con algún aviso visitante, sobre todo a balón parado con claro dominio aéreo.

O centro do campo, sobre todo en balóns por alto, era para os visitantes. Mentres os locais

tardaron en asentarse, os visitantes dispuxeron de un par de accións para adiantarse. O encontro estaba falto de intensidade. Os locais chegaban pero remataban sen forza ata que no minuto 21 Carlos foi quen de abrir o marcador aproveitando un rexeite do meta visitante.

Dende aí ata o descanso pouco máis, chegadas dos locais con remates frouxos e sen perigo. Dominio aéreo do Perlío e xogo impreciso e pouco intenso por ambos bandos. Ben é certo que o calor non axudaba.

A segunda metade parecía que comezaba con mellor cara para os locais que sen grandes alardes dominaban e chegaban a facer algunha boa xogada combinativa. O gol tivo que chegar con todo a balón parado no minuto 63 con un bo lanzamento de Iván. No 79 Ángel finaliza unha xogada á contra con asistencia de Martín e pon o terceiro no marcador.

O Perlío parecía que baixaba os brazos i o encontro parecía pechado. Pero os locais empeñáronse en poñer emoción i en dez minutos case tiran todo o traballo da temporada ó lixo.

Primeiro cunha falta de intensidade e concentración impresionante que permite que lle caia o balón ó borde da área a Cabana para anotar o tres a un no minuto 82. Logo concedendo un saque de esquina no que ninguén dos locais e quen de pelexar polo balón e permite a Gabeiras anotar o tres a dous no minuto 85. E case que anotan novamente na seguinte xogada grazas a outro saque de esquina inda que esta vez o remate ibase fora.

Para rematar o encontro a xogada desgraciada de Dani Lago no minuto 89 que anota en propia porta no que foi o remate máis perigoso dos locais neste tramo final de partido.

En resumo, moita apatía e falta de gañas no bando local sobre todo nos dez últimos minutos que case supoñen perder o tren da liga.

Con este resultado e as vitorias de As Pontes e Portuarios na xornada, a clasificación segue igual. As Pontes primeiro con 37 puntos, segundo o Numancia con 36 ambos en 17 encontros, terceiro o Portuarios con 35 pero cun partido menos.

Para a semana os de Ares visitan Sinde para xogar fronte o conxunto de O Val “B” e para confirmar as aspiracións antes das tres últimas xornadas de liga onde espérase ter que decidir todo.

Ánimo rapaces!!!

Pulsa no seguinte enlace para ver os resultados, clasificacións e actas da xornada